

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A ENTIDADE COLABORADORA ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. PARA A INSTRUMENTACIÓN DA AXUDA ECONÓMICA ÁS FAMILIAS A TRAVÉS DA TARXETA BENVIDA NOS SUPOSTOS DE XESTACIÓN, NACEMENTO, ADOPCIÓN, GARDA CON FINS ADOPTIVOS OU ACOLLEMENTO FAMILIAR PERMANENTE NO ANO 2024

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, que actúa de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia e tendo en conta o, Decreto 79/2023, de 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia,

Doutra parte D. José Lino Comesaña Calvo, con NIF 36.041.545-Q, director de Negocio Institucional en Galicia, Asturias e León, en nome e representación da entidade colaboradora Abanca Corporación Bancaria, S.A., con NIF A-70302039 e domicilio social en Cantón Claudino Pita, nº 2, Betanzos, A Coruña.

As partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente acordo nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

1. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, e de conformidade con ela foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3

de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

2. Que mediante o Decreto 59/2023, de 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e a través Decreto 79/2023, de 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia. Neste senso, a Consellería de Política Social e Xuventude, consonte ao Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da Administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social, ao que lle compete exercer as políticas autonómicas en materia de apoio á familia e á infancia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

3. Que a Consellería de Política Social e Xuventude impulsa o Programa de Apoio á Natalidade (PAN), no que, entre outras actuacións destinadas a apoiar ás familias galegas dun xeito integral e continuo, se recolle o establecemento dunha axuda económica ás familias que no ano 2024 teñan un fillo/a, adopten, sexan declaradas en situación de garda dun neno/a con fins adoptivos ou acollan de xeito permanente a un ou máis menores de ata tres anos de idade e para aquelas outras que, tendo obtido a axuda ou non accedendo a ela por superar os ingresos previstos nas respectivas convocatorias do ano 2022 e 2023, experimentaran unha variación á baixa da renda da unidade familiar que implique ter dereito ás contías reguladas no artigo 4.2, así como para aquelas mulleres que no ano 2024 se atopen na semana 21 ou posterior de xestación; e que percibirán tamén durante o segundo e terceiro ano de vida das súas fillas e fillos ou ata que se cumpran tres anos do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción, garda con fins adoptivos ou acollemento familiar permanente, aquelas familias con renda igual ou inferior a 22.000 €. Con esta axuda preténdese contribuír a sufragar os gastos derivados da súa crianza de modo que as familias poidan atender aos maiores gastos que supón o nacemento, derivados da adquisición de produtos necesarios para o neno ou nena, entre

outros, leite e outros alimentos infantís, cueiros, produtos de hixiene infantil ou produtos ópticos e farmacéuticos.

4. Que a Consellería de Política Social e Xuventude debe dispoñer dun instrumento que dea soporte a esta axuda que se convoca mediante a Orde reguladora das bases pola que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da Tarxeta Benvida, nos supostos de xestación, nacemento, adopción, acollemento familiar permanente ou garda con fins adoptivos no ano 2024. Considerando o medio máis idóneo para facela efectiva, unha tarxeta prepago que se entregará ás familias, por este motivo e de acordo co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, convocou un procedemento de selección dunha entidade colaboradora sometido aos principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

5. Que a entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A., conforme á Resolución da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica do 2 de xaneiro de 2024 resultou seleccionada como entidade colaboradora na xestión da axuda, a través da denominada tarxeta benvida.

En virtude do exposto, as partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que se desenvolverá de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para a instrumentación da axuda económica para as familias que no ano 2024 teñan un fillo/a, adopten, sexan declaradas en situación de garda dun neno/a con fins adoptivos ou acollan de xeito permanente un menor de ata tres anos de idade e para aquelas outras que, tendo obtido a axuda ou non accedendo a ela por superar os ingresos previstos nas respectivas convocatorias do ano 2022 e 2023, experimentaran unha variación á baixa da renda da unidade familiar que implique ter dereito ás contías reguladas no artigo 4.2 da Orde reguladora das bases pola que se rexerá a concesión da axuda

económica, a través da Tarxeta Benvida, no ano 2024, así como para aquelas mulleres que no ano 2024 se atopen na semana 21 ou posterior de xestación.

Tamén poderán beneficiarse da axuda as galegas e galegos e os seus descendentes que se atopen en calquera dos dous supostos anteriores e, tendo residido fóra de España, retornen a Galicia durante o ano 2024.

A instrumentación da axuda económica, farase efectiva a través da entrega da denominada Tarxeta Benvida, unha tarxeta prepago que se cargará cun total de 1.200€ durante o primeiro ano de vida no suposto do nacemento dun fillo ou filla, ou cando se cumpra un ano do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos, acollemento familiar permanente ou da data de presentación da solicitude no suposto de que esta fose presentada durante o embarazo, ou ben con un total de 2.400€ cando o fillo ou filla que dá dereito á axuda sexa o terceiro/a ou sucesivo/a da unidade familiar:

a) Ano 2024: un único pagamento coa contía que corresponda en función do mes de nacemento ou, de ser o caso, do ditado da resolución de adopción, de garda con fins adoptivos ou acollemento familiar permanente dun o máis menores de ata tres anos de idade ou da data de presentación da solicitude no suposto de que esta fose presentada durante o embarazo e ata o mes de decembro, incluído.

b) Ano 2025: un único pagamento coa contía que corresponda desde xaneiro e ata o mes anterior ao que o neno ou nena cumpra un ano ou ata o mes anterior a que se cumpra un ano do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción, de garda con fins adoptivos ou acollemento familiar permanente dun o mais menores de ata tres anos de idade ou ata o mes anterior a que se cumpra un ano da presentación da solicitude no suposto de que esta fose presentada durante o embarazo

Para o caso de aquelas familias con renda igual ou inferior a 22.000 €, esta axuda seguirase percibindo durante o segundo ano de vida e ata que o neno ou nena cumpra os tres anos, ou ata que se cumpran tres anos do ditado da

correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos ou acollemento familiar permanente, nas seguintes contías:

- a) 600 €/ano, a razón de 50 €/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o primeiro
- b) 1.200 €/ano, a razón de 100 €/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o segundo
- c) 2.400 €/ano, a razón de 200 €/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o terceiro ou sucesivos.

Estas contías increméntanse igualmente nun 25% para as familias con residencia en concellos con poboación inferior a 5.000 habitantes.

A axuda aboarase en pagamentos anuais sucesivos co importe que corresponda ata o mes de decembro do exercicio en curso en función do mes de nacemento ou do ditado da resolución de adopción, de garda con fins adoptivos do fillo ou filla polo que se concedeu a axuda, de acollemento familiar permanente dun ou máis menores de ata tres anos de idade, ou da data de presentación da solicitude no suposto de que esta fose presentada durante o embarazo. Excepcionalmente, a axuda poderá percibirse ata un ano máis no suposto de unidade familiar en situación de especial vulnerabilidade nos termos establecidos na respectiva convocatoria.

Iguualmente aquelas familias que obtiveran a axuda de carácter xeral de 1.200 € nas convocatorias dos anos 2022 e 2023 e non accederan á axuda no segundo ano de vida e ata o que o neno/nena cumpra tres anos, ou ata que se cumpran tres anos do ditado da resolución nos supostos de adopción ou garda con fins adoptivos ou acollemento familiar permanente por superar os ingresos previstos para elo, poderán beneficiarse na presente convocatoria das contías previstas no artigo 4.2 no caso de experimentar unha variación á baixa da renda da unidade familiar que implique ter dereito a elas.

O importe da axuda nestes casos establecerase en función dos meses que resten dende o 1 de xaneiro de 2024 ata que o neno ou nena que dá dereito á axuda cumpra tres anos ou ata que se cumpran tres anos do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos.

Así mesmo, aquelas familias que non optaran á dita axuda nas referidas convocatorias, por superar os ingresos contemplados no artigo 5.1.b), e experimentaran unha variación á baixa da renda da unidade familiar e concorran á presente convocatoria, poderán beneficiarse das contías previstas no artigo 4.2 nos termos establecidos no apartado anterior.

Esta tarxeta só poderá ser utilizada en oficinas de farmacia, parafarmacias, ópticas, librarías, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia que teñan establecemento aberto no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda. *Operativa da colaboración*

A entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A., como entidade colaboradora da Consellería de Política Social e Xuventude na instrumentación da axuda económica ás familias que no ano 2024 teñan un fillo/a, adopten ou que sexan declarados en situación de garda con fins adoptivos, acollan de xeito permanente a un ou máis menores de ata tres anos de idade ou para as mulleres xestantes no ano 2024 que presenten a solicitude na semana 21 de xestación ou posteriores, e que é obxecto de convocatoria pública a través da correspondente orde na que se establecerán as bases polas que se rexerá a concesión desta axuda económica, a través da Tarxeta Benvida, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asume a efectividade do pago ás familias a través da carga da tarxeta correspondente.

A dinámica da colaboración será como se expón a continuación:

A Consellería de Política Social e Xuventude remitirá á entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A. unha relación de persoas beneficiarias da axuda e o importe que lle corresponde a cada unha coa finalidade de que esta proceda á

emisión e carga anual das tarxetas. Con posterioridade remitirá periodicamente outra relación tanto coa petición de emisión de novas tarxetas como, de ser o caso, de recarga das que xa están operativas.

A entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A., unha vez recibidos estes documentos, dará de alta as tarxetas nos seus sistemas, procederá á súa estampación e xestionará cada unha das tarxetas solicitadas de modo que sexan totalmente independentes entre si, cargando cada tarxeta co saldo inicial indicado pola consellería.

Unha vez finalizado este proceso a entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A., remitirá en lotes as tarxetas cargadas cos importes solicitados á Consellería de Política Social e Xuventude. As tarxetas enviaranse inactivas, polo que non poderán operar ata que se realice a súa activación.

A entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A., xestionará de modo independente cada tarxeta beneficiaria e realizará nela as recargas que a Consellería de Política Social e Xuventude lle indique. A Consellería de Política Social e Xuventude será titular de todas e cada unha das tarxetas solicitadas á entidade.

A Consellería de Política Social e Xuventude remitirá as tarxetas ás familias con instrucións para a súa activación e informaraas das condicións de uso.

Terceira. *Compromisos das partes*

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Xuventude, comprométese a:

- Enviar mensualmente unha relación coa petición de emisión de tarxetas na que se indicará:
 - Número de tarxetas que se solicitan
 - Nome e apelidos de cada persoa destinataria final da tarxeta
 - Número de teléfono móbil asociado a cada rexistro de tarxeta solicitada para permitir ás persoas destinatarias dela a súa

activación e para comunicar con posterioridade os sucesivos ingresos

-Importe da primeira carga asociada a cada rexistro de tarxeta

- Enviar mensualmente unha relación coas recargas das tarxetas que procedan na que se indicará o importe da recarga asociada a cada número de identificación de partícipe.
- Librar mensualmente o crédito necesario para realizar a carga inicial ou recarga das tarxetas.
- Facilitar á entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A., o formato e contido da carta á que se anexa a tarxeta.
- Habilitar un teléfono de soporte operativo ao que se poidan dirixir as persoas beneficiarias da axuda que requiran de información adicional sobre as condicións operativas da tarxeta e xestións sobre a súa operatoria, tales como solicitudes de bloqueo por perda/roubo, solicitudes de duplicado, etc.

A entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A., comprométese a:

- Ter habilitado o procedemento operativo para facer efectiva a axuda ás familias beneficiarias na primeira quincena de 2024.
- Levar a cabo a estampaxe, gravación e en xeral todos os procesos necesarios para a xestión das tarxetas, que terán as características detalladas na cláusula 4.
- Desenvolver unha aplicación de xestión da tarxeta, personalizar os soportes, deseñar a tarxeta, homologala e proporcionar soporte técnico.
- Emitir e remitir, nun prazo máximo de 4 días hábiles dende a recepción da solicitude da Consellería de Política Social e Xuventude, as tarxetas prepago recargables que esta indique en cada momento. As tarxetas remitiranse en lotes ordenadas segundo a orde do ficheiro enviado e

pegadas nun soporte físico no que se incluírá información para a súa activación e relativa á operativa da tarxeta tal como solicitude de bloqueo por perda/roubo, solicitude de duplicado, etc. xunto con aquela outra información que considere oportuna a Xunta de Galicia.

- Facilitar á consellería un ficheiro de resposta ás solicitudes de emisión habilitado de xeito que se permita a identificación e xestión independente de cada solicitante.
- Cargar os fondos entregados pola Xunta de Galicia na tarxeta benvinda nun prazo máximo de dous días hábiles desde que se lle realiza a transferencia deles.
- Comunicar á Consellería de Política Social e Xuventude, a través do correspondente ficheiro de resposta e con carácter mensual, a efectividade das recargas solicitadas ou as incidencias que se tiveran producido.
- Cumprir cos requisitos e obrigas impostas pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, particularmente co disposto nos artigos 10 e 12, así como polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta. Características e deseño da tarxeta

1. A tarxeta emitida por Abanca Corporación Bancaria, S.A. ao abeiro deste convenio terá as seguintes **características**:

- Será una tarxeta prepago cuxa titularidade corresponderá á Consellería de Política Social e Xuventude.
- Emitirase con carácter nominativo, e non poderán ser usadas máis alá do 31 de decembro de 2025. Esta data ampliarase para as persoas emigrantes retornadas que se atopen no suposto previsto no artigo 8.2 da orde, así como para as familias con rendas iguais ou inferiores a 22.000 euros e para unidades familiares tecnicamente valoradas en situación de especial

vulnerabilidade. En todo caso a vixencia das tarxetas concedidas ao abeiro da convocatoria expirará o 31 de decembro de 2028.

- Poderá ser utilizada en calquera establecemento afiliado ou adherido ao sistema que empregue a tarxeta encadrado baixo os sectores de actividade e categorías comerciais de medios de pago correspondentes aos establecementos citados na cláusula primeira, non admitíndose a operatoria en contornas off-line ou en sectores alleos aos anteriormente mencionados. As limitacións ao uso circunscribíense exclusivamente a permitir a súa utilización como medio de pago nos establecementos que, admitindo o pago con tarxetas financeiras, pertencen ou estean encadrados nos sistemas de medios de pago definidos baixo os devanditos sectores de actividade mencionados.
- A tarxeta non poderá ser utilizada en caixeiros automáticos nin permitirá as disposicións de efectivo en oficinas.

2. Deseño da tarxeta

O deseño da tarxeta será o que indique a Consellería de Política Social e Xuventude, que en todo caso se axustará ás normas que para este tipo de tarxetas teñan establecidas tanto a entidade bancaria como os sistemas de medios de pago asociados, axustándose aos estándares das tarxetas financeiras en canto a dimensións, materiais, localización e características da banda magnética, chip cando proceda e outros condicionantes definidos polas Redes e Organizacións de tarxetas financeiras, e de acordo co Manual de imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

Quinta. Operativa da tarxeta

1. Activación

2. A activación da tarxeta realizarase de forma individualizada e será a persoa beneficiaria quen a solicitará, preferentemente mediante o envío dun SMS de activación desde o móbil asociado á súa tarxeta, sen prexuízo de que a

entidade habilite outros medios para dalas de alta e proceda á resolución das incidencias relacionadas coa dita activación, do cal se dará conta á consellería.

A entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A., ao recibir o SMS contestará pola mesma vía, avisando á persoa usuaria da activación da tarxeta, do seu PIN, do saldo inicial e das sucesivas recargas.

3. Consultas do saldo

As persoas usuarias das tarxetas coñecerán o seu saldo a través dos seguintes medios:(segundo oferta da entidade seleccionada).

4. Baixa das tarxetas

A entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A. procederá a dar de baixa as tarxetas cando así llo indique a Consellería de Política Social e Xuventude.

5. Tarxetas perdidas ou roubadas

A Consellería de Política Social e Xuventude comunicará á entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A. as perdas ou roubos das tarxetas das que teña constancia e esta última consultará o saldo dispoñible, daraas de baixa ou no seu caso bloquearaas e dará de alta unha nova co saldo dispoñible que tiña a tarxeta orixinal á maior brevidade.

6. Reembolso do saldo dispoñible

Unha vez alcanzada a data de caducidade das tarxetas, ou antes se a Consellería solicita bloquealas ou dalas de baixa, a entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A., comunicará o saldo dispoñible de cada tarxeta e realizará o ingreso, se é o caso, no número de conta que lle indique a Consellería de Política Social e Xuventude.

Sexta. Protección de datos

1. As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de

27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais; e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos carácter persoal dos que sexa destinataria a Consellería de Política Social e Xuventude na tramitación deste convenio, serán tratados pola Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

2. A Consellería de Política Social e Xuventude cederá os datos persoais de conformidade co estipulado no parágrafo anterior, e garante de forma expresa:

- a) Que os únicos datos de carácter persoal que comunicará a Abanca Corporación Bancaria, S.A. serán os de nome, apelidos e o número de teléfono móbil de cada unha das persoas a cuxo favor se solicite a emisión da tarxeta.
- b) Que unicamente efectuará a dita comunicación de datos de carácter persoal á entidade mediando a previa, expresa e inequívoca autorización de cada unha das persoas titulares de tales datos.
- c) Que a mencionada autorización para a comunicación dos datos á entidade constará por escrito.
- d) Que as autorizacións solicitadas pola consellería segundo o previamente estipulado, serán debidamente archivadas e custodiadas pola Xunta e se atoparán en todo momento a disposición da entidade.

3. A entidade colaboradora Abanca Corporación Bancaria, S.A., como encargada do tratamento dos datos, garante expresamente, respecto dos datos de carácter persoal que lle sexan comunicados pola consellería no ámbito deste convenio:

- a) Que adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a súa conservación e seguridade e evitar a súa alteración, perda,

tratamento ou acceso non autorizado. En todo caso, as ditas medidas serán as establecidas nos artigos 111 a 114 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e coa Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- b) Que non os comunicará a terceiras persoas.
- c) Que gardará o segredo profesional respecto destes.
- d) Que os utilizará única e exclusivamente para os efectos previstos neste convenio.

Sétima. *Comisión de seguimento e control*

Constitúese unha comisión mixta para o seguimento e control deste convenio, á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do seu desenvolvemento e non recollidas nel, e con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Compoñen esta comisión:

Pola Consellería de Política Social e Xuventude:

- A persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ou persoa que a supla, que exercerá a presidencia.
- A persoa titular da Subdirección Xeral de Demografía e Conciliación, ou persoa que a supla, que actuará como vogal e como secretaria.

Por Abanca Corporación Bancaria, S.A.:

- Dúas persoas designadas libremente polo órgano competente da entidade, que actuarán como vogais.

Esta comisión entenderase constituída cando comparezan, presentes ou representadas, as persoas membros, as cales, segundo os asuntos que se vaian tratar, poderán facerse acompañar por outras persoas que puidesen ser

especialistas e asesorar a cada unha das partes na resolución adecuada de cada asunto. Estas últimas non terán capacidade de voto.

As funcións desta comisión serán interpretar o convenio, seguir a súa execución, resolver sobre cuestións non previstas e en definitiva velar pola súa aplicación.

As reunións terán lugar cando as persoas membros da comisión de seguimento o decidan.

Das reunións levantaránse actas pola persoa que actúe como secretaria que serán asinadas polas catro persoas membros.

Os acordos da comisión de seguimento e control deberán ser adoptados por unanimidade.

Oitava. *Réxime xurídico*

A este convenio seralle aplicable o réxime xurídico previsto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público , concibíndose como un convenio de carácter administrativo que se rexe polas súas cláusulas e, no seu defecto, aplicaráselles os principios establecidos na norma reguladora de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar. Así mesmo, seranlle de aplicación as previsións da lei 9/2007, do 13 de xuño, respecto das entidades colaboradoras na xestión de subvencións públicas.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente, no prazo de dous meses, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Novena. *Publicidade*

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno as persoas asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos relacionados co obxecto do convenio poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica remitirá os datos necesarios para a publicidade do acordo nos rexistros públicos e informará na súa páxina web oficial da subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do acordo leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Así mesmo, as entidades asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ao acordo asinado que será obxecto de publicación e inscrición no rexistro público de convenios creado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Décima. *Compensación económica e constitución de garantías*

A sinatura do convenio non comporta custo económico ningún para a Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia polo que se exime á entidade colaboradora da constitución de garantías.

Décimo primeira. *Resolución do convenio*

Darán lugar á resolución do presente convenio :

- O mutuo acordo das partes asinantes.
- O incumprimento das cláusulas do convenio por algunha das partes asinantes
- A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como incumprimento das obrigas contables.

Décimo segunda. *Efectos incumplimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgunha das partes asinantes*

En caso de que algunha das partes incumprira as obrigas e compromisos asumidos coa sinatura deste convenio estarase ao establecido no artigo 51.2.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Décimo terceira. *Vixencia do convenio*

O presente acordo entrará en vigor o día da súa sinatura e os seus efectos estenderanse ata o 31 de decembro de 2028.

En proba de conformidade con canto antecede, as partes que interveñen asinan dous exemplares do presente acordo, no lugar e data arriba indicados.

A conselleira de Política Social
e Xuventude

O representante de Abanca Corporación
Bancaria, S.A.

Fabiola García Martínez

Jose Lino Comesaña Calvo